

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

DO 5 AO 19 DE MAIO

O Liceo de Ourense analiza a xeración poética de postguerra en cinco conferencias

Cinco expertos falarán sobre a obra de Xosé M^a Álvarez Blázquez, Uxío Novoneyra, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro e Antón Tovar.

Redacción - 11:42 06/05/2008

Despois da vitoria *nacional* na guerra civil, a fecunda produción cultural galega dos anos trinta converteuse nun ermo do que só se comezou a ver unha saída coa publicación de *Cómaros verdes*, de [Aquilino Iglesia Alvariño](#), en 1947. Naceron despois a Editorial Galaxia (1950), as primeiras revistas poéticas bilingües (*Posío*, *Alba*, *Gelmírez*...) e as primeiras coleccións poéticas como Benito Soto, coordinada por Celso Emilio, ou Xistral en Monforte. Nos anos cincuenta comezaron a aparecer as primeiras obras dos integrantes da chamada *Promoción de Enlace* (como Antón Tovar) e da *Xeración das Festas Minervais* (como [Novoneyra](#) e [Manuel María](#)).

Cinco especialistas e autores actuais analizarán a obra de cinco poetas daquel tempo: Manuel María, Xosé María Álvarez Blázquez, Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro e Antón Tovar, fundamentais para entender o posterior desenvolvemento da poesía galega. É a sexta ocasión que a sección de literatura do [Liceo de Ourense](#) organiza estas sesións de estudo, enmarcadas no ciclo *Visións de Galicia*.

Todas as conferencias comezan ás oito e cuarto da tarde. A primeira tivo lugar este luns, dedicada a Álvarez Blázquez, e desenvolveranse até o vindeiro 19 de maio.

Programa de conferencias

5 de maio: Xohán Xesús Cabana sobre Xosé María Álvarez Blázquez.

9 de maio: Luis González Tosar sobre Uxío Novoneyra.

12 de maio: Miguel Anxo Fernán-Vello sobre Manuel María.

15 de maio: Ramón Nicolás sobre Celso Emilio Ferreiro.

19 de maio: Marcos Valcárcel sobre Antón Tovar.